

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORDE do 14 de setembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento das bolsas ás persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que realizan prácticas non laborais en empresas, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil (procedemento TR363A).

O obxecto desta orde é concretar os principios xerais contidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no relativo ás axudas para o financiamento ás empresas das bolsas das persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que realizan prácticas non laborais nestas empresas.

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece como un dos seus obxectivos a integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as accións desenvolvidas polo sector público autonómico no exercicio das súas competencias. Para tal efecto, non se considerarán discriminatorias as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (accións positivas).

A igualdade é un principio fundamental na Unión Europea, polo que a eliminación da desigualdade é un obxectivo que debe integrarse en todas as políticas e accións financiadas pola Unión Europea.

Considérase urxente e necesario, por tanto, artellar medidas que incrementen as oportunidades de emprego para estes colectivos, medidas que deben contribuír a facilitar o seu acceso ao mercado de traballo, á ocupación e á adquisición de práctica laboral nun contorno real.

Entre estas medidas figuran a realización de prácticas profesionais non laborais en empresas, reguladas no Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro, polo que se regulan as prácticas non laborais en empresas.

Para incentivar a realización destas prácticas, a Comunidade Autónoma de Galicia considera necesario subvencionar as bolsas que se paguen ás persoas novas que realicen



as prácticas non laborais en empresas. Esta convocatoria enmárcase dentro do Programa operativo de emprego xuvenil cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, nunha porcentaxe do 91,89 por cento:

Eixe prioritario: 5. Integración sustentable no mercado de traballo das persoas novas que non se atopan empregadas, nin participan en actividades de educación nin formación, en particular no contexto da garantía xuvenil.

Prioridade de investimento: 8.2. Integración sustentable no mercado de traballo das persoas novas que non se atopan empregadas, nin participan en actividades de educación nin formación, así como das persoas novas que corren o risco de sufrir exclusión social e as procedentes de comunidades marxinadas, en particular no contexto da garantía xuvenil.

Obxectivo específico: 8.2.2. Reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais das persoas novas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación e formación.

Medida: 8.2.2.6. Prácticas non laborais en empresas.

As persoas participantes nas actuacións serán persoas novas desempregadas inscritas na oficina de emprego e no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que non estean participando en actuacións educativas ou formativas, e que acrediten previamente os requisitos de acceso ao programa, con idade comprendida entre os 18 anos e a idade máxima establecida para as persoas beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil, de acordo co previsto na Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

O financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria elévase a 553.073,00 € e farase con cargo aos créditos do programa 09.41.323A.471.0, con código de proxecto 201500571 (248.361,00 €, que figuran na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017 e 304.712,00 € para o ano 2018).

Os ditos créditos estimados poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas do Sistema nacional de garantía xuvenil, nos supostos e nas condicións previstas nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Visto o Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que atribúe á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral competencias relativas, entre outras materias, á formación para o emprego.

Vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da antedita lei.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

DISPOÑO:

TÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública das subvencións para o financiamento ás empresas das bolsas das persoas novas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que realizan prácticas non laborais nestas empresas (procedemento TR363A).

2. As subvencións previstas nesta orde tramitaranse de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser entidades beneficiarias as empresas con centro de traballo en Galicia que, logo da sinatura dun convenio de prácticas non laborais co Servizo Público de Emprego de Galicia no marco do Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro, subscriban acordos con persoas novas para a realización de prácticas non laborais.



Artigo 3. *Requisitos das prácticas non laborais que poden ser obxecto de subvención de acordo con esta orde*

1. As empresas ou grupos empresariais, en colaboración cos servizos públicos de emprego e no marco da responsabilidade social empresarial, poderán subscribir acordos con persoas novas, con ningunha ou moi escasa experiencia laboral, co obxecto de realizar prácticas de carácter non laboral nos seus centros de traballo, co fin de contribuír a mellorar a súa empregabilidade e ofrecerlles un primeiro contacto coa realidade laboral a través do achegamento a ela, ao tempo que contribúen a completar a formación acadada pola persoa nova. O acordo deberá conter a información mínima indicada no Real decreto 1543/2011 ademais do importe neto da bolsa. Poderá utilizar o modelo que pode descargar desde a páxina <http://emprego.ceei.xunta.gal/practicas-non-laborais>

Poderán acollerse a esta subvención as empresas ou grupos empresariais que asinasen acordos con posterioridade ao 15 de novembro de 2016 e ata a data límite de presentación de solicitudes desta convocatoria. As prácticas deberán iniciarse como máximo no prazo dun mes desde a sinatura do acordo coa persoa nova. No acordo deberá estar definida a data de inicio das prácticas. O incumprimento deste requisito terá como consecuencia a perda do dereito ao cobramento da subvención nos termos previstos no artigo 61 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As prácticas non laborais realizaranse en centros de traballo localizados na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. As prácticas non laborais nas empresas non suporán, en ningún caso, a existencia de relación laboral entre a empresa e a persoa nova.

4. As prácticas non laborais nas empresas terán unha duración de entre seis e nove meses; e a xornada laboral será, como mínimo, de catro horas diarias e non poderán superar as corenta horas semanais.

5. As prácticas desenvolveranse en centros de traballo da empresa ou do grupo empresarial, baixo a dirección e supervisión dunha persoa que as titorice. Á finalización das prácticas non laborais, as empresas deberán entregar ás persoas que as realicen un certificado en que conste, polo menos, a práctica realizada, os contidos formativos inherentes a ela, a súa duración e o período de realización.



6. As empresas ou grupos empresariais en que se desenvolvan as prácticas aboarán ás persoas novas participantes unha bolsa de apoio cuxa contía neta será, como mínimo:

- 1,2 veces o IPREM mensual vixente en cada momento cando as prácticas teñan unha duración de catro horas diarias.

- 1,5 veces o IPREM mensual vixente en cada momento cando as prácticas duren máis de catro horas diarias.

7. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta orde as prácticas académicas externas, curriculares e extracurriculares, das persoas estudantes universitarias, que se rexerán pola súa normativa específica.

Artigo 4. *Persoas destinatarias das prácticas non laborais e contido destas*

1. As prácticas non laborais irán dirixidas a persoas novas desempregadas inscritas nas oficinas de emprego dependentes do Servizo Público de Emprego de Galicia que teñan entre 18 e a idade máxima establecida para as persoas beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil, de acordo co previsto na Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, que posúan unha titulación oficial universitaria, titulación de formación profesional, de grao medio ou superior, ou titulación do mesmo nivel que o desta última, correspondente ás ensinanzas de formación profesional, artísticas ou deportivas, ou ben un certificado de profesionalidade. Así mesmo, non deben ter tido unha relación laboral ou outro tipo de experiencia profesional superior a tres meses na mesma actividade, non se terán en conta, para estes efectos, as prácticas que formen parte dos currículos para a obtención das titulacións ou certificados correspondentes.

Estas persoas deberán ser, en todo caso, persoas inscritas no Fichero do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, para ser persoa beneficiaria desta medida, as persoas novas deberán cumprir os seguintes requisitos tanto no momento da sinatura do acordo das prácticas non laborais como no momento de comezo das prácticas:

- a) Non ter traballado no día natural anterior.
- b) Non ter recibido accións educativas no día natural anterior.
- c) Non ter recibido accións formativas no día natural anterior.



2. A preselección das persoas novas deberá ser obrigatoriamente realizada polo Servizo Público de Emprego de Galicia, a través do persoal de orientación de Garantía Xuvenil ou outro persoal das oficinas de emprego.

En todo caso, o proceso de selección final das persoas que van participar no programa de prácticas non laborais corresponderá á empresa; realizarase necesariamente esta selección entre as persoas candidatas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia. Nos convenios recollerase de forma expresa a realización polo Servizo Público de Emprego de Galicia de accións de control e seguimento das prácticas non laborais, coa fin de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos e dos obxectivos desta medida, especialmente a contribución das prácticas á mellora da empregabilidade.

O control e seguimento das prácticas corresponderá ao Servizo Público de Emprego de Galicia. Este control consistirá na posibilidade de realización de visitas polo persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia ás empresas onde se estean realizando as prácticas para os efectos de verificar o cumprimento do establecido no acordo de prácticas suscrito entre a empresa e a persoa nova.

3. Ás persoas novas participantes nas prácticas non laborais reguladas nesta orde seranlles de aplicación os mecanismos de inclusión na Seguridade Social recollidos no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

Artigo 5. *Acordos para a realización das prácticas*

As empresas deberán subscribir acordos coas persoas novas que van desenvolver as prácticas non laborais, nos cales se recollerá, polo menos, o contido concreto da práctica que se vai desenvolver, a súa duración, as xornadas e horarios para a súa realización, o centro ou centros onde se realizará, a determinación do sistema de titorías, o importe neto que percibirá a persoa nova e a certificación á cal a persoa nova terá dereito pola realización das prácticas. A empresa informará á representación legal das persoas traballadoras sobre os acordos de prácticas non laborais suscritos coas persoas novas.



Artigo 6. Solicitudes, documentación e prazo

1. As solicitudes deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, de acordo co establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluídos o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo para a presentación das solicitudes de axudas será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Xunto coa solicitude haberá que presentar a seguinte documentación complementaria:

- a) Programa de prácticas.
- b) Acordo asinado para a realización de prácticas.
- c) Declaración responsable da persoa nova, do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 4.1.
- d) Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude en nome e representación da entidade.

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.



As imaxes electrónicas aplicarán os formatos establecidos para ficheiros de imaxe na Norma Técnica de Interoperabilidade do Catálogo de Estándares; o nivel de resolución mínimo para imaxes electrónicas será de 200 píxeles por pulgada, tanto para as imaxes obtidas en branco e negro como en cor ou escada de grises; a imaxe electrónica será fiel ao documento orixe (respectará a xeometría do documento orixe en tamaños e proporcións, non conterá caracteres ou gráficos que non figurasen no documento de orixe e a súa xeración realizarase por un medio fotoeléctrico).

As imaxes electrónicas que acheguen as entidades interesadas ao procedemento administrativo terán eficacia, exclusivamente, no ámbito da actividade das administracións públicas.

As imaxes electrónicas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Na sede electrónica publicaranse os formatos admitidos para a presentación de documentación.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou a persoa que a represente deberá indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, de se dispor del.

4. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación presentada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase a persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.



5. Forma parte da solicitude a declaración responsable que se contén nela e que fai constar os aspectos seguintes:

1º. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

– Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.

– Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, deberán relacionarse.

2º. Que, en relación con outras axudas *de minimis*:

– Non se solicitou nin se concedeu ningunha axuda *de minimis*.

– Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas *de minimis*, deberán relacionarse.

3º. Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

4º. Que non está incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5º. Que non está incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6º. Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

7º. Que coñece as estipulacións da presente orde, que cumpre cos requisitos sinalados nela, que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto da subvención indicada e que reúne capacidade administrativa/financeira para cumprir as condicións de aprobación da axuda.

As empresas que iniciaron prácticas non laborais antes da resolución da axuda deberán garantir que cumpriron a normativa de aplicación da operación.



8º. Que cumpre cos requisitos necesarios para o recoñecemento do dereito á/ás subvención/s que solicita, e dispón da documentación que acredita tal cumprimento e que porá á disposición da Administración cando lle sexa requirida, ademais de que se compromete a manter os ditos requisitos durante todo o período de tempo inherente ao recoñecemento de tal dereito.

9º. Que non ten a condición de empresa en crise, segundo a definición prevista no artigo 2, número 18, do Regulamento 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión.

10º. Que se deixa de cumprir o sinalado nos anteriores puntos, e especialmente no punto 8, recoñece a obriga de comunicalo ao órgano competente para resolver, no prazo de cinco días hábiles desde que se produza tal circunstancia.

Artigo 7. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) Verificación da identidade (DNI/NIE) da persoa representante.
- b) Verificación da identidade (NIF) da entidade solicitante.
- c) Estar ao día das obrigas tributarias coa AEAT.
- d) Estar ao día de pagamento coa Seguridade Social.
- e) Estar ao día de pagamento coa Consellería de Facenda.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



Artigo 8. Autorizacións

1. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido nos artigos 28.3 e 53.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que se indique en que momento e ante que órgano administrativo foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

3. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e do goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 9. Procedemento

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de



Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento. Na resolución dos expedientes gardarase a orde rigorosa de entrada no rexistro.

2. O órgano instrutor do procedemento será a Subdirección Xeral de Promoción Laboral.

3. A persoa titular da Subdirección Xeral de Promoción Laboral formulará a proposta de resolución, tras comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

Artigo 10. *Resolución*

1. A resolución dos expedientes das axudas reguladas na presente orde, unha vez fiscalizadas pola intervención delegada, correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

2. As resolucións deberán ser notificadas ás persoas interesadas e deberán ditarse no prazo dous meses, contado desde a presentación da solicitude na forma prevista no artigo 6.1 da presente orde.

O prazo para resolver e notificar a resolución poderá suspenderse por algunha das causas previstas no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Transcorrido o citado prazo sen que recaese resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada, de acordo co artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as persoas interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. As notificacións das resolucións e do resto de comunicacións vinculadas ao procedemento ao que se refire esta orde realizaranse mediante a plataforma de notificación electrónica da Xunta de Galicia, de acordo co previsto no artigo 12 desta orde.



5. A resolución da concesión de subvención fixará expresamente o importe da axuda (en equivalente bruto de subvención) e o seu cofinanciamento pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo nunha porcentaxe do 91,89 por cento, dentro do Programa operativo de emprego xuvenil, no eixe prioritario: 5, prioridade de investimento: 8.2, obxectivo específico 8.2.2 e medida 8.2.2.6, e o seu carácter de axuda *de minimis*, exenta da obriga de notificación en aplicación do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* e incorporará, de ser o caso, as condicións, as obrigacións e as determinacións accesorias a que deba estar suxeita a entidade beneficiaria.

6. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa, e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

7. Xunto coa resolución achegarase o documento no que se establecen as condicións da axuda (DECA) de acordo co establecido no artigo 125.3.c) do Regulamento 1303/2013, que deberá ser asinado pola persoa responsable legal da empresa, unha das dúas copias deberá ser achegada á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

8. A obtención da subvención quedará condicionada á existencia de crédito dispoñible, de acordo co establecido no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11. *Determinación das subvencións para as prácticas non laborais*

1. Serán subvencionables as bolsas as persoas novas que realizan as prácticas non laborais ao abeiro dun acordo para a súa realización.

2. O importe da subvención concretarase nas seguintes contías:

– 100 por cen do IPREM mensual vixente por cada unha das persoas novas mentres duren as prácticas se estas teñen unha duración de catro horas diarias.



– 1,1 veces o IPREM mensual vixente por cada unha das persoas novas mentres duren as prácticas se estas teñen unha duración de catro horas diarias, cando a persoa nova sexa unha muller.

– 1,2 veces o IPREM mensual vixente por cada unha das persoas novas mentres duren as prácticas se estas teñen unha duración de máis de catro horas diarias.

– 1,4 veces o IPREM mensual vixente por cada unha das persoas novas mentres duren as prácticas se estas teñen unha duración de máis de catro horas diarias, cando a persoa nova sexa unha muller.

Cando as prácticas se inicien despois do primeiro día do mes ou finalicen antes do último día do mes, o importe da subvención será proporcional a súa duración.

3. As subvencións previstas nesta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o financiamento das bolsas as persoas novas que realizan as prácticas non laborais reguladas no Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada.

4. Esta axuda ten o carácter de axuda *de minimis* exenta da obriga de notificación en aplicación do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

5. As axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro. A contía total das axudas *de minimis* concedidas a unha empresa non poderán exceder 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Este limiar aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido. As axudas *de minimis* non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se a dita acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.

Artigo 12. *Información, comunicación e notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Este sistema remitirá ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As empresas están obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio.

3. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos aspectos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

4. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os órganos administrativos concedentes procederán a publicar no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa e crédito orzamentario a



que se imputan, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

5. Igualmente, poderá publicarse na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria nos termos previstos no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e do goberno, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

6. As persoas beneficiarias das axudas concedidas incluíranse no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios e máis no de Sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

7. Así mesmo, o nome das persoas beneficiarias será publicado na lista de operacións do Programa operativo de emprego xuvenil prevista no artigo 115 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello.

Artigo 13. *Pagamento e xustificación das subvencións*

1. O pagamento da subvención realizarase unha vez finalizado o período de prácticas, logo da presentación por parte da empresa da xustificación do pagamento das bolsas a cada unha das persoas novas que están realizando as prácticas.

2. A xustificación dos gastos anteriores ao 1 de decembro de 2017 deberá realizarse antes do 15 de decembro de 2017 e a do resto dos gastos deberá realizarse antes do 7 de setembro de 2018.

3. Procederase ao pagamento dos gastos, tras a presentación por parte da empresa, da seguinte documentación:

– Certificado asinado pola representación legal da empresa e pola persoa nova en que conste, polo menos, a práctica realizada, os contidos formativos inherentes a ela, a súa duración e o período de realización.



– Os partes de asistencia diaria asinados pola persoa nova e pola persoa responsable da súa titoría.

– Xustificación do pagamento da bolsa á persoa nova, que se acreditará mediante o correspondente xustificante bancario da transferencia con ordenante e beneficiario/a claramente identificados, ou, na súa falta, copia do extracto bancario acreditativo do cargo.

– Xustificantes correspondentes ás cotizacións da Seguridade Social (RCL e RNT, Sistema de liquidación directa Proxecto Creta).

Os xustificantes de gasto deberán cumprir co establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e os xustificantes de pagamento o establecido no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da antedita lei.

Ademais, en aplicación do artigo 31.7 da antedita lei, non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto entidade beneficiaria non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

4. No caso de que se produzan baixas ou reducións de xornada respecto do acordo asinado, procederase á redución proporcional da subvención concedida.

5. Non son gastos elixibles os correspondentes ás licenzas ou permisos que, aínda sendo legais, non derivan da efectividade das prácticas. Entre este tipo de ausencias cabe mencionar as ausencias por enfermidade e accidente con baixa laboral (IT), por enfermidade e accidente sen baixa laboral, por adopción ou acollemento, por enfermidades de familiares, por coidados de fillos/as ou outros, por falecementos, por lactación, por maternidade, por matrimonio, por nacemento (paternidade), por traslados de domicilio, por cursos non relacionados co aumento de capacidades para as prácticas obxecto da operación certificada, por exames, por deberes inescusables, por suspensión de funcións ou calquera outra ausencia sen vinculación directa coas prácticas. Estas circunstancias deberán acreditarse documentalmente.



Artigo 14. Obrigas das entidades beneficiarias

1. Antes do comezo das prácticas, a entidade beneficiaria da subvención ten que poñer en coñecemento da Inspección de Traballo e Seguridade Social-Inspeccións provinciais (unidades especializadas de Seguridade Social):

- Unha relación das persoas que vaian realizar as prácticas non laborais.
- Datos do/dos centro/s de traballo da empresa onde se van realizar as prácticas:
 - Denominación.
 - Enderezo.
 - Localidade.
- Datas e horarios de realización das prácticas.

2. Proporcionar ás persoas novas que realizan prácticas non laborais a formación que acompañará estas conforme o programa de prácticas establecido no artigo 4.4 do Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro, e presentado ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

3. Desenvolver as prácticas nos termos previstos no acordo suscrito coa persoa nova.

Se as prácticas se van desenvolver en máis dun centro de traballo isto ten que vir reflectido no programa de prácticas. Neste caso a entidade deberá enviar a planificación detallada das funcións que vai desenvolver a persoa en prácticas en cada un dos centros con cinco días de antelación, co obxecto de facilitar o seu control e seguimento.

4. Aboar mensualmente as bolsas mediante transferencia bancaria.

5. Cumprir coas obrigas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Cumprir coas obrigas que lle corresponden como empresario/a de acordo co establecido no artigo 5.1 do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.



7. Comunicar á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral a obtención de subvencións ou axudas para o mesmo proxecto e finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público.

8. Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas ou polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como someterse a todas as actuacións de comprobación e control previstas no artigo 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ás relativas ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión o seguimento do Fondo Social Europeo, que incluírán os correspondentes controis sobre o terreo, e ás que poidan corresponder, no suposto de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, á Comisión e o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas.

9. Remitir á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral e á Inspección de Traballo e Seguridade Social unha comunicación motivada das baixas ou acordos de modificación ou redución de xornada das persoas novas que realicen as prácticas, no prazo de cinco días desde que se produzan.

Cando a persoa nova cause baixa non poderá ser obxecto de substitución, para os efectos desta subvención.

10. Comunicar á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a realización das prácticas reguladas pola presente orde, no prazo de cinco días desde que se produza.

No caso de referirse a un cambio no horario ou no lugar de realización das prácticas, a comunicación deberá ser previa á materialización dese cambio. No caso de non facer tal comunicación, o feito de que a persoa que realiza as prácticas non se encontre no lugar de realización das prácticas durante o horario autorizado terá a consideración de ausencia.

11. Manter os partes de asistencia diaria asinados pola persoa nova e pola persoa responsable da súa titoría no centro en que se desenvolvan as prácticas. A falta deste control ou o feito de non estar dispoñible no caso dunha inspección poderá se considerado como unha ausencia no caso de que non se poida acreditar a asistencia por outros medios.



No caso de ausencias estas deberán estar xustificadas e, no caso de non xustificación, non se aboará a subvención correspondente a eses días, no caso que se se teña dereito a ela. A xustificación da ausencia debe facerse por correo electrónico ao enderezo sx.promocionlaboral@xunta.gal nas tres horas seguintes a que se produza esta. De non facerse así, considerarase non xustificada. A constatación de que se producisen tres ausencias non xustificadas penalizarase coa perda da subvención.

Artigo 15. Obrigas relativas ao cofinanciamento pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo

1. Esta convocatoria de axudas enmárcase dentro do Programa operativo de emprego xuvenil cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo para o período 2014-2020.

2. Co fin de efectuar un seguimento adecuado da execución dos proxectos cofinanciados polo FSE ao abeiro do Programa operativo de garantía xuvenil para o período 2014-2020, mediante as subvencións reguladas nesta orde a entidade beneficiaria deberá someterse, segundo a normativa europea que resulte de aplicación, ao cumprimento das seguintes obrigas:

I. Respetar as normas de subvencionabilidade do gasto financiado polo FSE, reguladas mediante os artigos 69 e 125 do Regulamento (UE) 1303/2013, do 17 decembro de 2013, o artigo 13 do Regulamento (UE) 1304/2013, do 17 de decembro de 2013 e a Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, así como as que se diten no seu desenvolvemento para o período 2014-2020.

II. Cumprir coas medidas de información e comunicación establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013. En particular, as accións de información e comunicación contarán co emblema da Unión Europea e a referencia ao Fondo Social Europeo e a Iniciativa de Emprego Xuvenil e nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

Así mesmo, as entidades beneficiarias informarán por escrito ás persoas destinatarias de que as actuacións en que participan están financiadas pola Xunta de Galicia (Consellería



de Economía, Emprego e Industria), polo FSE e pola Iniciativa de Emprego Xuvenil, así como dos obxectivos dos fondos, debendo figurar o emblemas na documentación xerada con esta finalidade.

III. Utilizar os documentos de información ás persoas novas da cofinanciación da subvención pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e polo Fondo Social Europeo no modelo normalizado na web institucional da Xunta de Galicia no enlace: <http://emprego.ceei.xunta.gal/practicas-non-laborais>. Este documento deberá ser presentado no prazo dun mes contado desde a notificación da resolución.

IV. Relacionadas cos sistemas de xestión e control e sen prexuízo da obriga de xustificación das subvencións percibidas nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na presente norma:

a) As entidades beneficiarias das axudas deberán manter un sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada de todas as transaccións realizadas con cargo aos proxectos subvencionados polo FSE e a Iniciativa de Emprego Xuvenil.

b) Manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante os tres anos seguintes á certificación dos gastos á Comisión Europea, de acordo co establecido no artigo 140.1 do Regulamento 1303/2013.

c) Realizar as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados previstos no artigo 5 do Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao FSE. Neste sentido, na súa cobertura deberá respectarse o principio de integridade dos datos.

Os indicadores de produtividade relativos á persoa nova beneficiaria refírense á data inmediatamente anterior ao inicio das actuacións subvencionadas e deberá enviarse o formulario para ser cuberto pola persoa nova a través da aplicación PARTICIPA 1420 no momento do inicio das prácticas ou no momento de recibir a resolución de concesión da axuda; os indicadores de resultado inmediato referiranse ao período comprendido entre o día posterior á finalización das prácticas e as catro semanas seguintes e deberá enviarse o formulario para ser cuberto pola persoa nova a través da aplicación PARTICIPA 1420 den-



tro do mes seguinte a aquel en que finalizaron as prácticas; e os indicadores de resultado a longo prazo referiranse á situación aos seis meses da finalización das prácticas, e debe enviarse o formulario para ser cuberto pola persoa nova a través da aplicación PARTICIPA 1420 dentro dos quince días seguintes desde o cumprimento deste período de seis meses.

As empresas beneficiarias deberán cubrir os indicadores de produtividade que a Administración proporcione para a avaliación da execución e do impacto das prácticas. A administración proporcionará ás persoas beneficiarias acceso ao sistema de seguimento participa1420.

d) Presentar ante a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes desde a finalización do período das prácticas non laborais a seguinte documentación:

- Unha memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polos traballadores e traballadoras contratados/as.

- Documentación acreditativa do mantemento do sistema de contabilidade separada a que se refire o punto 2.III.a) deste artigo: extracto da contabilidade que permita verificar como se contabilizaron os gastos, o cal deberá incluír contas ou subcontas, datas e números dos correspondentes asentos contables.

- Documentación acreditativa do cumprimento das obrigas en materia de información e comunicación establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do 17 de decembro, á que fai referencia o artigo 15.2.II) desta orde, mediante achegas de fotocopias da documentación utilizada, fotografías dos carteis expostos, indicación da páxina web, etc.

e) Presentar ante a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no prazo dun mes desde o cobramento da subvención, o extracto bancario xustificativo do ingreso do importe da subvención concedida.

f) Someterse ás actuacións de comprobación sobre o terreo que, con base na mostra seleccionada estatisticamente e/ou segundo criterios baseados no risco, realice persoal técnico da Xunta de Galicia.



Artigo 16. Incumprimento de obrigas das entidades beneficiarias da subvención e reintegros

1. O incumprimento das obrigas establecidas na presente orde e demais normas aplicables, así como das condicións que se estableceran na correspondente resolución de concesión dará lugar á perda total ou parcial do dereito ao cobramento da subvención ou, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida e os xuros de demora correspondentes.

2. De conformidade co artigo 14.1.n) da citada Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe da perda do dereito ao cobramento da subvención ou do reintegro determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

a) Incumprimento das condicións exixidas á entidade beneficiaria para a concesión da subvención: perda/reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado.

b) Non realizar a actividade, ou adoptar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión da subvención: perda/reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado.

c) Incumprimento das obrigas de presentación de documentación exixida para a xustificación dos gastos: no caso de que non se presente ningunha documentación procederá a perda/reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado, e no suposto de presentación de parte da documentación exixida ou de que a documentación presentada sexa incorrecta, o importe da perda ou do reintegro será proporcional ao gasto non xustificado.

d) Incumprimento das obrigas en materia de publicidade establecidas no artigo 15.2.II.: perda/reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.

e) Incumprimento da obriga de mantemento dun sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada establecida no artigo 15.2.IV.a): perda/reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.

f) Incumprimento da obriga de manter unha pista de auditoría suficiente establecida no artigo 15.2.IV.b): perda/reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.



g) Incumprimento da obriga de manter a persoa nova durante o tempo previsto no acordo de prácticas:

- Se a persoa nova se mantén menos de 3 meses, procederá a perda/reintegro da subvención do 100 %.

- A partir do 3º mes procederá unha perda/reintegro seguindo a fórmula:

(Tempo comprometido total - tempo que se mantivo a persoa) * 3 * Importe mensual da subvención / (Tempo comprometido total - 3 meses).

No caso de perda do dereito a cobramento, a dita cantidade descontarase do importe liquidable da subvención.

Non se aplicará esta penalidade sempre que o incumprimento non sexa imputable á empresa e a persoa nova fixese un período de prácticas igual ou superior a 3 meses. Neste caso aboarase o importe da subvención correspondente ás prácticas efectivamente realizadas.

h) O incumprimento da obriga de aboar mensualmente e mediante transferencia bancaria o importe da bolsa que se establece no acordo dará lugar á perda/reintegro. Se a bolsa non se aboase mensualmente e se agrupase o pagamento de varias:

- Se o número de mensualidades agrupadas é igual ou menor ao 50 % da duración do período establecido no acordo, dará lugar á perda/reintegro da subvención correspondente aos meses agrupados.

- Se o número de mensualidades agrupadas é maior ao 50 % da duración do período establecido no acordo, dará lugar á perda/reintegro do 100 % da subvención.

Non se aplicará a penalidade cando o incumprimento non sexa imputable á empresa, circunstancia que se acreditará documentalmente, e que será valorada pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral ou produto dunha regularización do importe da bolsa naqueles acordos asinados con anterioridade á publicación desta orde co obxecto de adecuarse a ela sempre que se cumprisen o resto dos requisitos para poder acceder á subvención.



i) Incumprimento da obriga de comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións:

- Procederá o reintegro total da axuda percibida, máis xuros de demora, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador e demais responsabilidades en que poida incorrer a persoa beneficiaria, no caso de non comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións que financien as actuacións subvencionadas.

- Procederá o reintegro do 10 % da axuda percibida, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

Artigo 17. *Infraccións e sancións*

En materia de infraccións e sancións será de aplicación o previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18. *Devolución voluntaria das subvencións*

1. De acordo co establecido no artigo 64 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas ou entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 4731 10063172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. O importe da devolución incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ata o momento en que se produciu a devolución efectiva por parte da persoa ou entidade beneficiaria.

O ingreso realizarase segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación.

3. En todo caso, a persoa ou entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.



Artigo 19. Datos de carácter persoal

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición se incorporarán ao ficheiro Formación (servizo público de emprego) para o seu tratamento coa finalidade da xestión, avaliación, seguimento e estatística deste procedemento. A presentación da solicitude supón a cesión de datos persoais á Consellería de Economía, Emprego e Industria, Servizo Público de Emprego de Galicia por parte da entidade solicitante, polo que esta é responsable de informar as persoas novas sobre a existencia e finalidade da cesión así como da obtención do seu consentimento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei pódense exercer dirixindo un escrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria, Servizo Público de Emprego de Galicia como responsable do ficheiro, no enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, España ou no seguinte enderezo electrónico: lopd.industria@xunta.gal

Así mesmo, serán incluídos no ficheiro denominado «Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos», cuxo obxecto, entre outras finalidades, é a xestión, seguimento, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea. O órgano responsable deste ficheiro é Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo de San Caetano, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a dxfondos.seguimento@conselleriadefacenda.es

Disposición adicional primeira

As subvencións previstas na presente orde financiarase co crédito do programa 09.41.323A.471.0, con código de proxecto 201500571 (248.361,00 euros que figuran na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017 e 304.712,00 euros para o ano 2018).

A subvención das bolsas correspondentes aos meses dos anos 2016 e 2017 pagaranse con cargo á anualidade 2017 e as correspondentes aos meses do ano 2018 con cargo a anualidade 2018.



Os ditos créditos estimados poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de formación para o emprego, nos supostos e nas condicións previstas nos artigos 26, 27, 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de subvencións de Galicia.

Unha vez esgotado o crédito total, o órgano xestor deberá publicar o esgotamento da partida orzamentaria e a inadmisión de posteriores solicitudes. Se se esgota o crédito nunha das dúas anualidades, poderá facerse un reaxuste de anualidades e pasar crédito da outra anualidade, sempre que se cumpra co establecido no artigo 58.3 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG), co fin de poder seguir admitindo solicitudes ata que se produza o esgotamento total do crédito previsto nesta orde de axudas.

No caso de que se incremente o importe de futuros a modificación deberá contar coa autorización previa do Consello da Xunta de Galicia cando as novas anualidades excedan os límites indicados no artigo 58.3 do TRLRFOG é que en ningún caso supuña incremento do importe máximo global resultante da suma de todas as anualidades.

Disposición adicional segunda

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Disposición adicional terceira

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria na persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para a autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento das subvencións reguladas nesta orde, así como para resolver a concesión, denegación, modificación, reintegro, ou outras incidencias das subvencións reguladas nesta orde.

Disposición adicional cuarta

No non previsto nesta orde, será de aplicación o disposto no Real decreto 1543/2011, do 30 de outubro, polo que se regulan as prácticas non laborais en empresas.



Disposición adicional quinta

En cumprimento co disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Disposición derradeira primeira

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta disposición.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DAS BOLSAS ÁS PERSOAS NOVAS QUE REALIZAN PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR363A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa solicitante Persoa representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>.
Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

PERSOA NOVA COA QUE SE ASINA O ACORDO

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.

Si se solicitou e/ou concedeu outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

Non se solicitou nin se concedeu ningunha axuda *de minimis*.

Si se solicitou e/ou concedeu axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

CVE-DOG: 5f370h57-kz00-47q8-dkr4-au1d9cihktz6




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime de *minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

- Que todos os datos contidos na solicitude de subvención/s e nos documentos que se xunta son certos.
- Non está incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non está incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que coñece as estipulacións da presente orde, que cumpre os requisitos sinalados nela e que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto da subvención indicada, e que reúne capacidade administrativa/financeira para cumprir as condicións de aprobación da axuda.
- Que cumpre cos requisitos necesarios para o recoñecemento do dereito á/s subvención/s que solicita, e dispón da documentación que acredita tal cumprimento e que a porá á disposición da Administración cando lle sexa requirida, ademais de que se compromete a manter os ditos requisitos durante todo o período de tempo inherente ao recoñecemento de tal dereito.
- Que non ten a condición de empresa en crise, segundo a definición prevista no artigo 2, número 18, do Regulamento 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión.
- Que se deixa de cumprir o sinalado nos anteriores puntos, e especialmente no punto 8, recoñece a obriga de comunicalo ao órgano competente para resolver, no prazo de cinco días hábiles desde que se produza tal circunstancia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

<input type="checkbox"/> Programa de prácticas			
<input type="checkbox"/> Acordo asinado para a realización de prácticas			
<input type="checkbox"/> Declaración responsable da persoa nova da carencia de educación/formación a que se refire o artigo 4.1 da orde			
	PRESENTADO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude en nome e representación da entidade	<input type="checkbox"/>		

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos devanditos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día das obrigas tributarias coa AEAT	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día de pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día de pagamento coa Consellería de Facenda	<input type="checkbox"/>

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [lupd.industria@xunta.gal](mailto:industria@xunta.gal).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 14 de setembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento das bolsas ás persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que realizan prácticas non laborais en empresas, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil (procedemento TR363A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
 O FSE inviste no teu futuro

Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>
